

EXPEDIENTE:	2023/00038074J. Modificación da ficha A-17 do Catálogo do PXOM. Avda. de Rosalía de Castro núm. 72, 74, 76 e 78
PROCEDIMENTO:	Resumo executivo

1. Obxecto e alcance da Modificación

A Modificación afecta unicamente á redacción da ficha A-17 do Catálogo de bens culturais do *Plan xeral de ordenación municipal*.

A ficha A-17 refírese aos edificios números 72, 74, 76 e 78 da avenida de Rosalía de Castro, que se corresponden coas seguintes parcelas catastrais:

6671902NH3467B0001DF
6671903NH3467B0001XF
6671904NH3467B0001IF
6671905NH3467B0001JF

Na ficha A-17 do Catálogo indícase que as actuacións permitidas nos catro edificios son as sinaladas no *Plan especial de protección do patrimonio construído de interese cultural aprobado en novembro de 1988*.

A MP outorga nova redacción á ficha do Catálogo do PXOM, introducindo as seguintes reformas:

- Incorpóranse á ficha as determinacións aplicables aos catro edificios, eliminándose a remisión ao Plan especial do ano 88
- Révisanse as condicións particulares de intervención no núm. 74, atendendo á situación real do edificio existente, posto que foi legalizado no ano 1995 coa resolución favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

A modificación mantén a catalogación dos catro edificios, e non altera as condicións aplicables aos edificios 72, 76 e 78.

No número 74 admítase a posibilidade de executar obras de reforma parcial, sen necesidade de restituír a composición orixinal da fachada, por canto esta foi xa completamente renovada nos anos 90 sempre que non sexan discordantes coa protección do conxunto. Deberase restituír a fachada orixinal cando as obras afecten a toda a fachada, ou teñan a consideración de integrais.

2. Suspensión de licenzas

Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da LSG e 86.2 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento das licenzas de parcelación, edificación e demolición que poidan devir incompatibles co resultado da Modificación en trámite, no ámbito dos catro edificios afectados:

6671902NH3467B0001DF (Rosalía de Castro núm. 72)
6671903NH3467B0001XF (Rosalía de Castro núm. 74)
6671904NH3467B0001IF (Rosalía de Castro núm. 76)
6671905NH3467B0001JF (Rosalía de Castro núm. 78)

O período de suspensión -DOUS ANOS dende o acordo de aprobación inicial- iniciouse o día 21 de decembro de 2023 e remata o 22 de decembro de 2025.